



# Concello da Coruña

Área / Unidade RR.HH PE0000 SLR	Documento 10818I08F5	
Código de verificación 	Expediente 108/2024/1299	
2R6T 6C5X 6G32 3G3N 0S9N	Data 05-08-2024	

**Asunto:** MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT)

## INFORME PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

**Primeiro.-** O artigo 90.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que as corporacións locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública.

Correspónelle ao Estado establecer as normas conforme ás cales se confeccionarán as relacións de postos de traballo, a descripción dos postos de traballo tipo e as condicións requiridas para a súa creación, así como as normas básicas da carreira administrativa, especialmente no que se refire á promoción dos funcionarios a niveis e grupos superiores.

Así mesmo, o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local de 1986, art. 126.4, sinala: “As relacións dos postos de traballo, que terán en todo caso o contido previsto na lexislación básica sobre función pública, confeccionaranse conforme as normas previstas no artigo 90.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril”

Segundo o artigo 74 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante TREBEP), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, as Administracións Públicas han de estruturar a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que han de comprender, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. O devanditos instrumentos han de ser públicos.

Por outra banda, no artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas de reforma da Función Pública queda reflectido que as relacións de postos de traballo han de indicar, en todo caso, a denominación, tipo e sistema de provisión dos mesmos; os requisitos esixidos para o seu desempeño; o nivel de complemento de destino e, no seu caso, o complemento específico que corresponda aos mesmos, cando haxan de ser desempeñados por persoal funcionario, ou a categoría profesional e réxime xurídico aplicable cando sexan desempeñados por persoal laboral.

**Segundo.-** As RPT configúranse como instrumentos técnicos de carácter público de planificación esencial, que inclúen todos os postos de traballo de natureza funcional e laboral dunha administración pública. A través da RPT, as Administracións Públicas estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes e determinan o seu contido para a selección e provisión dos mesmos, coa finalidade de organizar, racionalizar e ordenar o persoal, facilitando así unha eficaz prestación dos servizos públicos.

Os acordos de aprobación das RPT constitúen unha das manifestacións do exercicio da potestade autoorganizativa municipal recoñecida no artigo 4.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das



# Concello da Coruña

bases do réxime local. Así tamén o recolle o artigo 72 do TREBEP que establece que, no marco das súas competencias de autoorganización, as Administracións Públicas estruturan os seus recursos humanos de acordo coas normas que regulan a selección, a promoción profesional, a mobilidade e a distribución de funcións. Segundo consolidada doutrina xurisprudencial a dita potestade administrativa deberá, en todo caso, exercerse dentro do respecto aos principios de legalidade e de prohibición da arbitrariedade que debe rexer toda actuación administrativa e de goberno municipal e, polo tanto, co obrigado cumprimento dos requisitos e límites recollidos na normativa vixente que resulte de aplicación, tanto de natureza material ou substantiva como no tocante ao procedemento de aprobación.

Neste sentido, a Sentenza do Tribunal Supremo do 12/07/1999, sinala: *"El artículo 15 de la Ley 30/1984, de 2 agosto, de Medidas para la Reforma de la Función Pública, dispone en su apartado 1 que las relaciones de puestos de trabajo de la Administración del Estado son el instrumento técnico a través del cual se realiza la ordenación del personal, de acuerdo con las necesidades de los servicios; añadiendo en la letra d) de ese apartado que la creación, modificación, refundición y supresión de puestos de trabajo se realizará a través de las relaciones de puestos de trabajo,... se incluye en el ámbito abarcado por la potestad autoorganizativa de las Administraciones Públicas, que atribuye a éstas la facultad de organizar los servicios en la forma que estime más conveniente para su mayor eficacia, a la que le compele el mandato contenido en el artículo 103.1 de la Constitución, sin trabas derivadas del mantenimiento de formas de organización que hayan podido mostrarse menos adecuadas para la satisfacción de ese mandato; potestad de autoorganización en la que es característica la discrecionalidad que domina su ejercicio..."*

Así mesmo, a sentenza do TSX de Galicia do 25/12/2010 establece *"Es innegable que la ordenación del personal, objeto al que sirve la relación de puestos de trabajo, según el artículo 15 de la Ley 30/1984 y ahora, conforme al artículo 74 del Estatuto Básico del Empleado Público, forma parte de la potestad organizativa de la Administración, extremo que este último precepto refleja expresamente al calificar a esas relaciones de "instrumento organizativo".*

Esta potestade de autoorganización proxéctase tanto na elaboración inicial dunha RPT como nas súas modificacións posteriores. Xa que, tal como sinala a STS do 12/03/1990, as circunstancias cambiantes de todo tipo que afectan á actividade administrativa poden demandar, en aras dun mellor funcionamento dos servizos públicos, unha variación da organización, por canto a Administración non pode quedar anquilosada a manter indefinidamente determinadas prácticas de organización e/ou funcionamento. En todo caso, como instrumento de ordenación dos postos de traballo, a RPT debe ter un carácter flexible, co fin de conseguir dunha maior eficacia e eficiencia organizativa, adaptándose, en cada momento, ás necesidades da administración.

Así, a sentenza do Xulgado Contencioso- Administrativo número 17 de Barcelona do 12 de setembro do 2017, na mesma liña, sinala que: *"El TS tiene expuesto que RPT es un instrumento de organización que debe estar al servicio de las necesidades de la Administración para dar respuesta a las necesidades inmediatas que pudieran surgir en la labor de organizar de manera eficientes sus efectivos públicos. Y que la posibilidad de llevar a cabo esta actuación encontraba su legitimación en el marco de la competencia de autoorganización de la Administración Pública para vertebrar sus recursos humanos, según lo dispuesto en el art. 72 EBEP . En definitiva que la potestad autoorganizativa de las Administraciones Públicas atribuía a éstas la facultad de organizar los servicios en la forma que estimaran más conveniente a razón de una mayor eficacia para satisfacer los intereses generales a la que le compele el mandato contenido en el art. 103.1 CE .*

*De lo expuesto, se puede colegir que es cada Administración el único ente que puede y debe valorar las concretas necesidades de su organización administrativa y definir las características de los puestos de trabajo que forman parte de su estructura administrativa en ejercicio de esa potestad de autoorganización. La Administración materializa dicha actividad mediante la aprobación o modificación de las correspondientes RRPPTT, siendo éste el instrumento técnico a través del cual se realiza la ordenación del personal de acuerdo con las necesidades de los Servicios, debiendo*



# Concello da Coruña

*incluir al menos la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas a que están adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias ( art. 74 EBEP )".*

En canto á organización municipal, segundo dispón o artigo 124.4 k) corresponde á Alcaldesa establecer á organización e estrutura da Administración municipal executiva, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Pleno en materia de organización municipal. O artigo 122 e ss do Regulamento Orgánico Municipal do Concello da Coruña establece que terán a consideración de niveis esenciais da organización municipal as grandes Áreas de Goberno, os Coordinadores Xerais, os Directores de Área ou órganos asimilados que culminan a organización administrativa, e que corresponderá á Alcaldesa a determinación do número de tales órganos, o establecemento de niveis complementarios inferiores de organización e, en definitiva, a organización e estrutura da Administración municipal executiva.

En atención, ao establecido no parágrafo anterior, mediante Decreto da Alcaldía DEC/AYT/3676/2024, do 3/07/2024 (BOP núm. 129, do 5/07/2024) modificouse a estrutura directiva do Concello da Coruña para o mandato municipal 2023-2027. Neste decreto, establécense as modificacións nas coordinacións e direccións de área, incluíndo o servizos municipais adscritos ás novas coordinacións/direccións.

Esta modificación da estrutura directiva require de certos axustes na RPT vixente, en tanto que supón o cambio de área dalgúns servizos municipais, así como a creación dun novo servizo, o Servizo de Planificación Urbana e Proxectos Estratéxicos dentro da ÁREA de Planificación Estratéxica.

Noutra orde de ideas, na planificación dos recursos humanos dunha Administración Local, ademais da RPT debemos ter en conta o cadro de persoal. Estes dous instrumentos de planificación, RPT e cadro de persoal, son diferentes pero complementarios. De maneira sucinta, podemos dicir que o cadro de persoal pode definirse como o conxunto de prazas existentes nunha Administración, con expresión do grupo/subgrupo de clasificación profesional, escala, subescala e clase. Está intimamente ligado ao orzamento, en porén a RPT se relaciona cos postos de traballo que existen nunha Administración que poden ser ocupados polos empregados públicos que ocupan as prazas do cadro de persoal.

Así, podemos facer referencia á sentenza do TSX de Asturias do 30 de novembro do 2010 "Esta Sala y Sección, tiene el siguiente criterio en cuanto a la distinta naturaleza y alcance de la RPT , Plantilla y OPE deducido del examen de los preceptos legales contenidos en la Ley 30/1984, de 2 de agosto (Medidas de Reforma de la Función Pública) - artículos 14 , 15 y 16 y de la LBRL - artículo 90 y TRDRL - artículos 126 y 127 - que permite configurar en efecto las relación de puestos de trabajo y así lo ha venido haciendo la jurisprudencia (SSTS 4ª de 30-5-1993 y 8-5-1998) como el instrumento técnico a través del cual se realiza por la Administración -sea la estatal, sea la autonómica, sea la local - la ordenación del personal, de acuerdo con las necesidades de los servicios y con expresión de los requisitos exigidos para su desempeño, de modo que en función de ellas se definen las plantillas de las Administraciones Públicas y se determinan las ofertas públicas de empleo. Por ello, corresponde a la Administración la formación y aprobación de las relaciones de puestos de trabajo lo que, como es natural, es extensivo a su modificación. Por tanto, la confección de las relaciones de puestos de trabajo por la Administración y la consiguiente catalogación de éstos se configura como un instrumento de política de personal, atribuido a la Administración al más alto nivel indicado, de acuerdo con las normas de derecho administrativo, que son las que regulan tanto el proceso de confección y aprobación como el de su publicidad. Así pues, la relación de puestos de trabajo, incluyendo las modificaciones que en ella pueden efectuarse, es un acto propio de la Administración que efectúa en el ejercicio de sus potestades organizatorias. Por su parte las plantillas de personal se pueden configurar como un instrumento de carácter más bien financiero o presupuestario de ordenación del gasto que constituye una enumeración de todos los puestos - o mejor plazas - que están dotados presupuestariamente,



# Concello da Coruña

*debiendo incluir tanto a los funcionarios como al personal laboral y eventual, cuya finalidad es delimitar los gastos de personal al relacionar todos los que prevé para un ejercicio presupuestario siendo la base para habilitar la previsión de gastos en materia de personal y consignar los créditos necesarios para hacer frente a las retribuciones en materia de personal, hasta el extremo de que su aprobación y modificación está estrechamente ligada a la aprobación y modificación del presupuesto de la Corporación en el ámbito local.”*

Tal como sinala o artigo 70 do TREBEP as necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proverse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de Emprego Público (en diante OEP). Unha vez executada a OEP e superados os procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas no cadro de persoal, é necesario adxudicar, ao novo persoal, un posto de traballo da RPT adecuado as características das prazas convocadas. Xa que, o posto de traballo concreto se adquire unha vez obtida a praza incluída previamente na OEP. Por tal motivo, sendo a RPT un instrumento de planificación que inclúe todos os postos de traballo dunha Administración e que está intimamente ligado ao cadro de persoal, corresponde realizar as modificacións necesarias na mesma para adecuar a dotación de postos de traballo ás prazas incluídas na OEP, de xeito que as OEP podan ser executadas e se poida adscribir ás persoas que superen os correspondentes procesos selectivos a postos de traballo adecuados ás prazas adxudicadas.

Por último, na ÁREA de Seguridade Cidadá, o servizo de extinción de incendios e salvamento (SEIS) do Concello da Coruña ven experimentando nos últimos anos un cambio considerable, especialmente na formación integral no acceso á este servizo, así como na formación continua durante a prestación do servizo, que fai que o persoal dos bombeiros adquira unha maior capacitación durante o desempeño do seu posto, adaptándose ás demandas en materia de seguridade e comprendendo coñecementos profesionais moi específicos. Tratándose de persoal de primeira referencia na seguridade pública e tendo en conta os seus singulares cometidos e funcións, fan que a labor do persoal do SEIS e a cobertura dos seus postos de traballo deba adecuarse ás características propias do mesmo. Esta adecuación faise necesaria en atención á necesaria especificidade do ámbito no que desenvolven a súa actuación e a especialización das súas funcións.

O artigo 91 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece o sistema de provisión de concurso específico para aqueles postos de traballo que, polas súas peculiaridades, así se determine na RPT. O concurso específico consiste na valoración dos méritos e capacidades, coñecementos e aptitudes determinados en cada convocatoria, e relacionados co posto de traballo a prover. Para a valoración das capacidades, coñecementos e aptitudes, a convocatoria do concurso específico pode incluír a realización de probas de carácter práctico, memorias, entrevistas ou tests profesionais, a valoración de informes de avaliación ou outros sistemas similares. As características técnicas destes medios de valoración deberán gardar relación directa co perfil do posto de traballo a prover e garantir o respecto do principio de obxectividade naquela. Por tanto, o concurso específico constará de dúas fases, unha primeira, que consistirá na valoración dos méritos, xerais ou específicos, de conformidade co disposto na correspondente convocatoria e que supoñerá, como mínimo, o cincuenta e cinco por cento da puntuación máxima alcanzable; e unha segunda fase, na que se valorarán as capacidades, as aptitudes ou os coñecementos que se determinen na correspondente convocatoria, tales como a realización de probas de carácter práctico, memorias, entrevistas, test profesionais ou a valoración de informes de avaliación.

Esta posibilidade de realizar probas específicas de carácter práctico para valorar as capacidades, aptitudes e coñecementos do persoal aspirante a cubrir os postos de traballo, permite axustar a valoración dos méritos, capacidades e aptitudes das persoas aspirantes á especificidade das funcións e actuacións do persoal do SEIS, concretamente dos postos de mando do SEIS: cabo, sargento, suboficial, oficial e inspector.

Nas intervencións de emergencias os mandos deben presentar coñecementos e aptitudes específicas imprescindibles no desempeño do seu posto de traballo: decisión de obxectivos, das



# Concello da Coruña

tarefas necesarias para a súa consecución, así como dos recursos necesarios para elo. Estas situacions de emerxencia implican que o persoal que desempeña os devanditos postos teña que tomar decisións de gran responsabilidade en períodos de tempo moi reducidos, motivo polo cal, no acceso a estos postos resulta crucial avaliar, ademais dos méritos xerais, méritos específicos en relación coa avaliación de situacions de emerxencia, toma de decisións sobre primeiras intervencións, elaboración do plan de actuación máis axeitado, avaliación de efectivos....

Por todo o exposto, proponse a modificación do sistema de provisión dos postos de mando do SEIS (cabo, sargento, suboficial, oficial e inspector/a), pasando a provese mediante o sistema de concurso específico.

**Terceiro.-** A última modificación da RPT do Concello da Coruña foi aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 11/10/2023 (BOP número 199, de 18/10/2023; corrección de errores BOP número 243, do 22/12/2023).

**Cuarto.-** De conformidade co previsto no artigo 37.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, a modificación da RPT debe ser negociada coas organizacións sindicais na Mesa Xeral de Negociación do Concello da Coruña. En porén, queda excluída da obriga de negociación as modificacions que só afecten as potestades de organización da Administración e que non teñan repercusión nas condicions de traballo do persoal funcionario.

Esta proposta de modificación da RPT foi negociada na Mesa Xeral de Negociación (MXN) celebrada o 2/08/2024. A certificación da acta desta MXN incorpórarse a este expediente co CSV: 2I201V042H3M6A1V0D2A.

**Quinto.- Propostas de modificación.** Tal como se expuxo no punto terceiro, as modificacións propostas teñen por obxecto adaptar a estrutura administrativa á modificación da estrutura directiva adoptada mediante o Decreto da Alcaldía DEC/AYT/3676/2024, do 3/07/2024 (BOP núm. 129, do 5/07/2024), así como ás OEP aprobadas para posibilitar á adscrición do persoal que supere os correspondentes procesos selectivos á postos de traballo adecuados á praza obtida. Paralelamente, modifícase á forma de provisión dos postos de cabo (referencia 0547 - 0561), sargento do SEIS (referencia 0541 – 0546), suboficial (referencia 0536 – 0540), oficial técnico (referencia 0535), oficial (referencia 0534) e inspector do SEIS (referencia 0533), de concurso ordinario a concurso específico.

Todo isto en exercicio da potestade autoorganizativa recoñecida legalmente, dentro dos límites establecidos na lexislación básica estatal e na lexislación de desenvolvemento autonómico. O Tribunal Supremo, en relación aos límites na aprobación das RPT como manifestación da potestade de autoorganización das Administracións Públicas, sinala: *“La sentencia de instancia no desconoce la potestad municipal de crear puestos de trabajo, ni de modificarlos, ni en general, las facultades de gestión de su personal que puede llevar a cabo mediante el instrumento técnico que representa la Relación de Puestos de Trabajo. Ciertamente, el Ayuntamiento está sujeto a límites en el ejercicio de su potestad de autoorganización, y, simplemente, la sentencia ha hecho efectivo su respeto, una vez que ha comprobado que la relación de puestos de trabajo procedió a asignar el complemento de destino y a exigir la titulación y los méritos correspondientes. En este sentido, afirma la sentencia de instancia, y esta Sala lo comparte, que «la Administración cuenta con potestades discrecionales para adecuar a cada puesto de trabajo concreto los requisitos genéricos de titulación exigidos para el acceso a la plaza, optando por una titulación específica, al igual que modulando los méritos generales a los precisados por el concreto contenido funcional del puesto de trabajo». Ninguna contradicción existe por el hecho de que un puesto se limite a Técnicos de Administración General, que han acreditado para ingresar en su Cuerpo de pertenencia el conocimiento de todas o de la mayor parte de las disciplinas, incluyendo las jurídicas, y que específicamente se exija la titulación de Licenciado en Derecho. Lo contrario privaría a la Administración de la potestad de ordenar su*



# Concello da Coruña

personal a través de la correspondiente RPT en aras de configurar los requisitos positivos para acceder a determinados puestos. Cualquier posible modificación devendría imposible y la RPT quedaría petrificada (STS de 12 de xuño de 2012)”.

Tamén na sentenza do Tribunal Supremo, do 26 de febreiro do 2014 (Rec. 3931/2012), faise referencia á potestade discrecional de autoorganización “(...) Lo suscitado en los motivos de casación requiere realizar estas previas consideraciones que continúan.

*La primera es que, en lo relativo a la creación, modificación y supresión de puestos de trabajo, a través del acto administrativo de aprobación o modificación de la correspondiente RPT, la Administración pública goza de la amplísima discrecionalidad que es inherente a su potestad de autoorganización; y esta discrecionalidad opera tanto en lo referido a apreciar los hechos que puedan justificar esas decisiones administrativas, como en lo tocante al contenido de las soluciones o medidas organizativas en que haya de exteriorizarse la decisión de la Administración.*

*La segunda es que esa muy amplia discrecionalidad tiene como límite la interdicción de la arbitrariedad (artículo 9.3 CE), pero esta arbitrariedad debe quedar descartada cuando, en el contexto de las circunstancias en que fue adoptada, sean de apreciar unos mínimos elementos que permitan advertir que la decisión de la Administración no es gratuita y tiene una razonable justificación.*

*Y la tercera es la excepcionalidad y temporalidad que legalmente caracteriza al funcionario interino (artículo 10 de la Ley 7/2007); lo que significa que las personas integrantes de las bolsas confeccionadas para efectuar los nombramientos de esa clase de empleados públicos no tienen un derecho a que se le asegure de manera incondicionada un desempeño efectivo bajo esa condición, ni a que su eventual nombramiento tenga una determinada duración, pues tan sólo poseen una expectativa a lo que resulte de las necesidades y prioridades que la Administración haya definido en el legítimo ejercicio de su potestad de organización.*

*Lo anterior conlleva, frente a lo que sostiene el recurrente, que la amortización que combate no puede ser considerada insuficientemente motivada. No puede serlo porque la polémica amortización fue acordada a petición del correspondiente responsable del servicio, y esta petición debe ser valorada en el contexto que significa el hecho notorio, invocado por la Administración demandada en su oposición a la actual casación, de las necesidades de recorte de gastos que ha impuesto la crisis económica; y, así valorada, ha de concluirse que dicha medida organizativa aquí litigiosa tiene una explicación razonable que cubre el mínimo canon de motivación que resulta necesario para descartar la arbitrariedad.*

*Como conduce también a que no sea de compartir todo lo que se ha esgrimido en el segundo y tercer motivo de casación con la finalidad de sostener la necesidad de negociación o la desviación de poder que se preconizan en el recurso. Si el funcionario interino no tiene, como antes se ha señalado, un derecho incondicional al desempeño de las plazas ocupadas con esa condición, la supresión de las mismas, decidida en el ejercicio de la legítima potestad administrativa de autoorganización, no tiene que ser negociado porque no altera ningún estatuto profesional; y esa supresión, por la misma razón, tampoco puede ser considerada una finalidad ilícita o torcida.”*

No mesmo senso se pronuncia a Sentenza 578/2019 do TSX de Galicia (Rec. 396/2018) “(...) Y tal concepción objetiva de la RPT es determinante de que las referencias giren en torno a la definición de cada puesto según los parámetros que especifican el artículo 74 del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público (la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias).

*Por consiguiente, en cada relación de puestos de trabajo se determina el perfil objetivo de cada puesto con sus principales características y forma de provisión, y ello atendiendo al programa elaborado por la Administración para el desarrollo de cada servicio público, en que confluyen las*



# Concello da Coruña

facultades discretionariales de organización que corresponden a la misma, donde la jurisdicción contenciosa sólo podrá fiscalizar la adecuación del acto al ordenamiento jurídico, pero no entrar a valorar los criterios de conveniencia y oportunidad implícitos en el ejercicio de esa potestad organizadora de la Administración, salvo que se acredite una manifiesta arbitrariedad que entrañe desviación de poder. En efecto, corresponde a la Administración tomar la iniciativa de la elección entre las diversas opciones razonables en presencia en cada supuesto, por ser competencia de quien gobierna, quedando para los Tribunales la función de comprobar que en ello no haya habido arbitrariedad.

En definitiva, la finalidad del mejor servicio a los intereses generales que se desprende del artículo 103 de la Constitución presupone la atribución a la Administración de la capacidad de organización y coordinación de sus servicios, siendo indiscutible tal facultad de la Administración de organizar los servicios a su cargo en la forma que estime más conveniente a los intereses públicos, teniendo tal potestad para organizarse únicamente el límite representado por las normas de superior rango a aquellas mediante las cuales se ejercita tal potestad, garantizando la selección de los funcionarios sobre la base de los criterios constitucionales de mérito y capacidad, como han recordado las sentencias de 10 de octubre de 1987 (de la antigua Sala 4ª del Tribunal Supremo), así como las de la Sala 3ª de 16 de octubre de 2007, 19 de marzo, 28 de mayo, 2 de julio y 20 de octubre de 2008". STSJ de Galicia, Contencioso sección 1 del 02 de octubre de 2019 (Recurso: 237/2017).(...)"

Neste contexto, a RPT, como instrumento de ordenación dos postos de traballo, debe ter un carácter flexible e, en aras de conseguir a maior eficacia e eficiencia na organización administrativa, debe adaptarse ás necesidades da administración municipal.

Esta doutrina considerando que a RPT é un instrumento técnico ao servizo da Administración Pública para a correcta organización dos seus recursos humanos no uso que faga da súa autonomía e autogoberno, debendo adaptala ás necesidades que esixa á prestación efectiva dos servizos públicos, supón que aquela ten que responder ás necesidades actuais e reais da propia Administración. Este proceso de adaptación esixe a posibilidade de modificación da RPT cando non responda ás esixencias que lle impón o deber dunha prestación eficiente dos servizos públicos, debendo ser tratada coma un instrumento dinámico (STS de 5 de febreiro do 2014, Rec. 2986/2012, revisión da xurisprudencia precedente, consideración da RPT non como acto ordenador, senón como acto ordenado, mediante o que a Administración se autoorganiza, ordenando un elemento da súa estrutura como é o do persoal nela integrado).

As modificacións propostas na RPT son esencialmente as seguintes:

1) Créase a Área de Administración Xeral que estará integrada polos seguintes servizos anteriormente integrados na Área de Economía, Facenda e Réxime Interior:

- Servizo de Recursos Humanos
- Servizo de Contratación
- Servizo de Concesións e Patrimonio Municipal
- Servizo de Xestión Tributaria
- TEAM
- Servizo de Intervención Xeral
- Dentro desta área intégrase a unidade de "Apoio á Área de Administración Xeral" que se corresponde coa anteriormente denominada "Apoio á Coordinación Xeral de Economía e Planificación Urbana"
- O posto con referencia 0195, xefe/a de departamento de Calidade de Control da Xestión, que pertencia ao Servizo de Planificación e Calidade dos Servizos, pasa a integrarse nesta Área de Administración Xeral, creando a Unidade Organizativa (AD1000) Control de



# Concello da Coruña

Xestión e Administración Xeral. Esta unidade organizativa estará integrada pola xefatura de departamento con referencia 0195, o posto con referencia 2237, técnico/a de apoio ao órganos directivo, e 2238, asistente de administración.

Mediante resolución, do 17/01/2024, do Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Urbana, anotada no Libro de Resolucóns da Xunta de Goberno Local co número RES/AYT/820/2024, determináronse as funcións do posto de xefatura do Departamento da unidade organizativa de Calidade e Control de Xestión do Servizo de Planificación e Calidade dos Servizos (referencia 0195), concretándose a realización e priorización das funcións, tarefas e cometidos seguintes (sen prexuízo doutras que lle correspondan á xefatura de departamento):

- *A colaboración e o apoio na tramitación de procedementos de contratación de diversos servizos dependentes da Coordinación da Área de Economía e Planificación Urbana, no marco dunha actividade prestacional de calidade, respectuosa co previsto no artigo 1.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).*
- *A colaboración no seguimento e control da execución de contratos, nomeadamente aqueles cuxo obxecto é especificamente o control de calidade, como por exemplo o relativo á prestación do servizo de inspección e control da calidade dos servizos domiciliarios do SAD (servizo de axuda a domicilio) e doutros contratos no ámbito de xestión e funcional da área de xestión á que se adscribe en base aos decretos de organización do aparato institucional e administrativo para este mandato ( Decreto 4538/2023, sobre as áreas de xestión da organización municipal e Decreto 5272/2023, sobre determinación da estrutura directiva) , “ad exemplum” o seguimento da execución do contrato do servizo para a obtención de datos e a realización de informes e diagnósticos sobre as principais problemáticas da cidade e sobre a opinión da satisacción da cidadanía cos servizos municipais prestados polo Concello da Coruña.*
- *A colaboración na tramitación de Convenios de cooperación con outras entidades co fin de mellorar a xestión pública e a calidade da prestación de servizos, con sistemas de colaboración pública horizontal e/ ou vertical.*
- *A colaboración na comprobación (función de control) do cumprimento da obrigación de destinar unha porcentaxe do prezo dos contratos para a realización de actividades de divulgación, comunicación e participación da cidadanía no ámbito dos ditos contratos, (beneficio que redunda en favor da cidadanía).*
- *A colaboración no seguimento e control da execución do plan de contratación anual.*

As funcións anteriormente enumeradas, están directamente vinculadas co cometido na nova Área de Administración Xeral da Concellería de Economía e Planificación Estratéxica, no marco do Decreto de Alcaldía de data 3/07/2024, anotado no Libro de Resolucóns da Alcaldía co número DEC/AYT/3676/2024 de modificación da estrutura directiva do Concello. Por tanto, atendendo á correspondencia das funcións expostas co obxecto da Área de Administración Xeral, procede adscribir o posto da xefatura de departamento, con referencia 0195, a devandita Área, pasando a denominarse xefatura do departamento de Control de Xestión e Administración Xeral.

- 2) Créase a Área de Recursos Económicos e Dixitalización que estará integrada polos seguintes servizos:



# Concello da Coruña

- Servizos anteriormente integrados na Área de Economía, Facenda e Régime Interior:
  - Servizo de Tesourería Xeral
  - Servizo de Orzamentos e Estudios Económicos
  - Servizo de Informática
  - Servizo de Atención Cidadá e Interior
- Servizo de Proxectos e Estratexias con Fondos Europeos (SE0001) anteriormente integrado na Área de Gabinete de Alcaldía
- Servizo de Innovación e Desenvolvemento Tecnolóxico (SE0014) anteriormente integrado na Área de Infraestruturas, Mobilidade e Innovación Tecnolóxica

3) Créase a Área de Planificación Estratégica que estará integrada polos seguintes servizos, anteriormente integrados na Área de Economía, Facenda e Régime Interior:

- Servizo de Economía e Investimentos
- Servizo de Calidade dos Servizos. Este servizo correspón dese co Servizo de Planificación e Calidade dos Servizos (SE0010) que cambia a súa denominación a Servizo de Calidade dos Servizos.

Neste Servizo créase un posto de xefatura de departamento, referencia 2264, dentro da Unidade Organizativa de Calidade e Control da Xestión (IS1000) coas seguintes características:

REF. ÚNICA	COD. UNID. ORG.	UNID. ORG.	POSTO DE TRABALLO	GR.	N/C	ESCALA	ESPECÍFICO	FP	ADM
2264	IS1000	Calidade e Ctrl. Gest.	Xefe/a de Departamento	A1/A2	26	AX/AE	FR12 ED	C	TD

- Créase dentro desta Área o Servizo de Planificación Urbana e Proxectos Estratégicos (SE0042) coa seguinte estrutura:

REF. ÚNICA	COD. UNID. ORG.	UNID. ORG.	POSTO DE TRABALLO	GR.	N/C	ESCALA	ESPECÍFICO	R.E.	FP	ADM
2265	PP0000	P. Urb. E Pr. Estrat.	Jefe/a de Servicio	A1	28	AG/AE	FR14 ED		LD	TD
2266	PP0000	P. Urb. E Pr. Estrat.	Jefe/a de Departamento	A1/A2	26	AG/AE	FR12 ED		C	TD
2268	PP0000	P. Urb. E Pr. Estrat.	Jefe/a de Sección	A1/A2	24	AG/AE	FR11 ED		C	AY
2267	PP0000	P. Urb. E Pr. Estrat.	Técnico/a Superior de Gestión	A1	22	AG	FR10		C	AY
2268	PP0000	P. Urb. E Pr. Estrat.	Técnico/a Superior de Gestión	A1	22	AG	FR10		C	AY
2269	PP0000	P. Urb. E Pr. Estrat.	Oficial Administrativo/a	C1/C2	16	AG	FR04		C	AY



# Concello da Coruña

REF. ÚNICA	COD. UNID. ORG.	UNID. ORG.	POSTO DE TRABALLO	GR.	N/C	ESCALA	ESPECÍFICO	R.E.	FP	ADM
2270	PP0000	P. Urb. E Pr. Estrat.	Oficial Administrativo/a	C1/C2	16	AG	FR04		C	AY
2271	PP0000	P. Urb. E Pr. Estrat.	Aux. Administrativo/a	C2	14	AG	FR04		C	AY
2272	PP0000	P. Urb. E Pr. Estrat.	Aux. Administrativo/a	C2	14	AG	FR04		C	AY
2273	PP0000	P. Urb. E Pr. Estrat.	Técnico/a superior planificación urbana	A1	24	AE	FR11 ED	R500	C	AY
2274	PP0000	P. Urb. E Pr. Estrat.	Técnico/a superior planificación urbana	A1	24	AE	FR11 ED	R500	C	AY

O Goberno local apostou pola elaboración dun Plan Estratéxico para a cidade para o período 2030 - 2050, que tomará como referencia os eixes sobre os que pivotan os Orzamentos do ano 2024:

- A dinamización económica da cidade, dando prioridade á humanización e á revitalización dos barrios, incrementando o investimento e apostando pola innovación para crear emprego de calidade.
- O benestar social e a igualdade de oportunidades, fortalecendo os servizos públicos municipais e as prestacións, para fazer fronte ás consecuencias sociais da actual crise de prezos e coa fin de evitar situacións de exclusión. As políticas de vivenda constitúen unha prioridade.
- A mobilidade sostible e unha cidade accesible, na que as persoas ocupen o centro das políticas públicas.
- A promoción da cidade e o fomento da cultura, do turismo, do deporte e da divulgación científica.

Dentro deste contexto, a creación do Servizo de Planificación Urbana e Estratéxica ten como obxectivo realizar unha planificación urbana que vincule os devanditos retos da cidade con proxectos de gran calado considerando múltiples escalas e desenvolvimentos temporais para desenvolver unha visión urbana a medio e longo prazo na que se actúe fronte a desafíos e problemáticas que inclúan, ademais, factores físicos, ambientais, sociais e económicos.

Por tanto, este servizo é o responsable de avanzar cara a unha planificación estratéxica desde a que establecer unha folla de ruta para a cidade que dea lugar a unha visión a longo prazo que de continuidade ao modelo de cidade que se desexa conseguir, combinando as visións a medio e longo prazo con actuacións a curto prazo que, facendo fronte ás urxencias más apremiantes.

Así mesmo, debe establecer un marco de traballo xeral no tempo e buscar a implicación dos diferentes axentes nun proxecto compartido de cidade, para o que deberá fomentar a participación activa da cidadanía e dos diferentes axentes implicados en todas as fases do proceso de planificación urbana e definición de proxectos estratéxicos: desde o diagnóstico ata o deseño de proxectos.

Neste sentido, os principais obxectivos deste servizo, sen ter carácter exhaustivo son:



# Concello da Coruña

- Colaborar na elaboración e actualización do Plan Estratégico da cidade, así como realizar o seguimento da súa execución.
- Establecer procedementos que permitan realizar un seguimento sobre o cumprimento dos obxectivos definidos.
- Coordinación e seguimento dos plans estratégicos sectoriais que afecten á planificación urbana, sen prexuízo das funcións atribuídas ás diferentes unidades administrativas nos seus ámbitos materiais.
- Coordinación cos diferentes servizos xestores para a elaboración de proxectos considerados estratégicos.
- Coordinación e seguimento dos proxectos estratégicos definidos pola corporación municipal

Os postos de traballo adscritos a este novo servizo son idénticos a outros existentes na RPT, por tanto, non implican unha nova valoración senón que se crean aplicando retribucións de postos xa existentes. Os postos de Técnico/a superior planificación urbana créanse como análogos aos postos con referencia 1612 e 1613, técnico de intervención da edificación, existentes na RPT vixente, por tanto, están valorados en consonancia cos ditos postos, coa única diferencia da ampliación das titulacións que se requieren para a súa ocupación, que se amplían as incluídas na rama da arquitectura e a enxeñería, en aplicación do principio de liberdade con idoneidade xurisprudencialmente recoñecido.

A xefatura deste Servizo, referencia 2265, terá como sistema de provisión a libre designación con convocatoria pública. De conformidade co artigo 91.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente proveranse polo sistema de concurso específico, salvo aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación con convocatoria pública. Así mesmo, o artigo 92.2 sinala que, excepcionalmente, poderán proverse mediante o sistema de libre designación con convocatoria pública, aqueles postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas RPT. En aplicación destes artigos, o artigo 17.4 das normas de xestión vixentes da RPT do Concello da Coruña (BOP núm. 133, do 19/08/2020, modificación BOP núm. 84, do 4/05/2022) recolle os criterios de excepcionalidade acordados para a provisión de postos de traballo por libre designación.

A xefatura do Servizo de Planificación Urbana e Proxectos Estratégicos proverase polo sistema de libre designación, con convocatoria pública, en aplicación dos seguintes criterios de excepcionalidade:

- Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada do Concello da Coruña tal é toda aquela información relativa aos plans estratégicos sectoriais que afecten á planificación urbana, á elaboración de proxectos considerados estratégicos para o Concello e información das directrices da estratexia política municipal. Esta especial responsabilidade fundámese en que a persoa que desempeñe este posto de traballo deberá extremar a confidencialidade, en maior medida que o que se esixe a calquera outro funcionario.

A especial responsabilidade tamén se concreta nas seguintes funcións:

- Desenvolvemento, coordinación e control da execución dos plans estratégicos da política e xestión municipal.
- Elaboración de propostas de instrucións, directrices e procedementos de planificación estratégica e organización a implantar no Concello.
- Exercicio da representación institucional ante outras entidades do sector público e privado no ámbito das súas funcións.



# Concello da Coruña

- Responsabilidade directa sobre datos de carácter económico e de dirección política.
- Colaborar co Comité de dirección designado como órgano de xestión e impulso do Plan Estratégico 2030 – 2050, e co Consello Asesor que poderá acoller a representantes dos grupos políticos municipais, institucións, axentes económicos e sociais, así como coas Comisións delegadas do dito plan, que serán órganos sectoriais para abordar temas específicos.
- Tratamento de información estratégica para a toma de decisións de órganos superiores do Goberno Local.
- Colaborar cos niveis máis altos da organización política e de xestión municipal, tales como as direccións de área, coordinacións xerais, dependentes directamente dos membros da Xunta de Goberno Local no espazo propio da gobernanza.
- Colaborar no desenvolvemento dos proxectos e accións para dar cumprimento aos compromisos adquiridos coa ciudadanía.
- Levar a cabo a coordinación dos distintos servizos xestores e, no seu caso, con outras administracións públicas, para a elaboración de proxectos estratégicos para a cidade.
- Analizar as medidas e políticas desenvoltas noutras administracións públicas e realizar propostas de incorporación e mellora adecuadas á planificación estratégica da cidade.
- Realizar informes de asesoramento e viabilidade sobre planificación urbana e estratégica.

O desempeño deste posto de traballo precisa unha confianza especial para o exercicio das seguintes funcións:

- Dirección, planificación e coordinación da planificación urbana e dos plans estratégicos da cidade.
- Asesoramento á dirección da Área de Planificación Estratégica, así como a concellería de Economía e Planificación Estratégica, na planificación urbana e estratégica e na xustificación da súa necesidade, oportunidade e eficiencia co obxecto de acadar unha planificación dos recursos públicos responsable.
